



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2016.

### ASISTENTES

#### **GRUPO POLITICO**

#### ALCALDESA, que preside:

*D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela* PP

#### CONCELLEIROS:

*D. Ramón Tilve Castro* PP

*D. José Ramón Gondar Pintos* PP

*D<sup>a</sup>. Milagros Pérez Gándara* PP

*D. José Manuel Méndez Lázaro* PP

*D<sup>a</sup>. Rosalina Lima Prado* PP

*D. José Manuel Ásperez Montes* MI

*D. Antonio Rial Lastres* MI

*D. José Varela Budelo* MI

*D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Prado González* MI

*D<sup>a</sup> Icia García Fernández* PSdeG-PSOE

*D. Manuel Radio Oubiña* PSdeG-PSOE

#### NON ASISTE

*D. Ruben Casal Radio* PP

#### SECRETARIA:

*D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral*

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 29 de decembro de 2016, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 12 DE DECEMBRO DE 2016.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 12 de decembro de 2016 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros presentes.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2017.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do Presuposto Municipal para o exercicio económico 2017, que se atopa nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e que ascende a 3.765.718,20 €, integrado pola documentación que preceptúa o artigo 165 e 168 do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 18 e 19 do R.D. 500/1990, do 20 de abril e ao que se unen como anexos os previstos no artigo 166 do devandito R.D.Lvo. e nos artigos 12 ó 15 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o Cadro de Persoal e Relacións de Postos de Traballo, persoal eventual e de Cargos Electos con dedicación, as Bases de Execución do Presuposto, o Plan de



inversións e programa de financiación, liquidación do orzamento do exercicio anterior, avance do corrente, así coma Memoria da Alcaldía e o informe económico-financieiro, informe de intervención e informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e límite da débeda, do plan de investimentos e programa de financiación; dando conta do estado de Gastos e Ingresos, da memoria, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto

## Capítulo I:

Este Capítulo decrece nun 0,99 % respecto ao exercicio 2016 motivado en que en concorren as seguintes circunstancias en relación a previsión inicial do Orzamento 2016:

1º.- Reestruturase a relación de postos de traballo do persoal funcionario:

- Amortización da praza de alguacil, ao terse xubilado a titular.
- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extingúndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.

- Á amortización da praza de técnico medio de xestión administrativa que figuraba no Cadro de Persoal dos exercicios anteriores, ao terse superado o prazo máximo de desenvolvemento da correspondente Oferta de Emprego Público derivado da mesma.

- Á creación dunha praza de técnico medio de xestión administrativa, con cargo a taxa de reposición de efectivos resultante da amortización da praza de alguacil-porteiro; ao adscribirla ao sector de asesoramento xurídico e xestión de recursos.

2º.- No exercicio 2016, e por unha soa vez, procedeuse ao aboamento dunha retribución de carácter extraordinario cuxo importe era o equivalente ás cantidades aínda non recuperadas dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extra do mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade co alcance e límites establecidos na Disposición Adicional Décima da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e que ascendía a 22.320,05€; importe que incrementou o Capítulo I do exercicio 2016 e que non se contempla no exercicio 2017.

Neste exercicio téñense en conta as seguintes consideracións:

a) No exercicio 2017, contéplase nas correspondentes aplicacións orzamentarias do Capítulo I un incremento do 1% das retribucións respecto das vixentes a 31 de decembro de 2016, en previsión de que se de este incremento na Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017; quedando condicionada a súa aplicación ao que se determine na Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017; xa que a contía das retribucións do persoal de Administración Local será a que fixe a Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano correspondente para cada uno dos grupos e niveis do posto de traballo que desempeñen.

b) Contéplase, como no exercicio 2016, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra prevista na Liña 3 (Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) do PLAN CONCELLOS 2017.

c) Efectúanse, no exercicio 2017, adecuacións retributivas, con carácter singular e excepcional, ao resultar imprescindibles polo contido do posto de traballo dun operario que tamén está a desenvolver labores de encargada de parques e xardíns, homologando as retribucións ás dos restantes encargados.

En definitiva e a pesar de que decrece lixeiramente, o Capítulo I ten gran peso no



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

Orzamento Municipal motivado en que os servizos municipais son xestionados directamente polo Concello.

## Capítulo II:

Este capítulo comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades do Concello. Tomando como antecedentes as necesidades e os custos de mantemento dos distintos servizos que deben prestarse durante o exercicio 2017, consignáronse os créditos que se estiman precisos para atende-las necesidades por gastos correntes dos distintos servizos municipais.

Tamén se consignan as indemnizacións dos Sres/as. concelleiros por asistencia a sesións, que son as que se fixan nas Bases de Execución do Orzamento (Asistencia a sesións de órganos Colexiados: 80,00 €, Presidencia de Comisión Informativa: 100,00 €), que non experimentan variacións en relación aos exercicios 2015 e 2016.

No exercicio 2017 o Capítulo II incrementábase un 12,7264% motivado nun previsible aumento do IPC, a inclusión dunha nova fase da tramitación da revisión e adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, a previsión da realización de modificacións puntuais no vixente PXOM, ampliación do servizo de axuda no fogar dependencia a sábados e domingos e lista de agarda, a e da propia dinámica do aumento de demanda dos servizos e prestacións polos cidadáns.

## Capítulo III - Capítulo IX:

No Capítulo III e Capítulo IX non se consigna crédito xa que no exercicio 2013 amortizáronse os créditos concertados co Banco Bilbao, Vizcaya, Argentaria e coa Caixa de Anticipos da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e ao longo do exercicio 2016 non se concertaron novas operacións nin están previstas para o exercicio 2017.

## Capítulo IV:

Neste Capítulo consígnanse créditos co obxecto de prever a concesión axudas, premios para as distintas actividades que organizan as asociacións, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, ao largo do exercicio e que se canalizan:

- Mediante concesión directa nominativamente, como á Banda Unión Musical de Meaño para sufragar os gastos de director, Unión Dena Club de Fútbol para a escola deportiva de fútbol e Asociación Cultural e Deportiva Asmubal para a escola deportiva balonmán.
- Mediante procedemento de concorrència competitiva a través da correspondente convocatoria do Programa de subvencións do Concello de Meaño.

Como anualidades anteriores, consígnase crédito para a concesión de axudas para a adquisición de material escolar para alumnos de infantil, primaria e secundaria do termo municipal que se canalizaran mediante procedemento de concorrència a través da correspondentes bases reguladoras e convocatoria para a concesión de axudas municipais para a adquisición de material escolar para alumnos/as de centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria.

Contéplase neste Capítulo o Programa de emerxencia que se rexe polas bases do programa de axudas básicas de emerxencia social deste Concello.

Así mesmo consígnanse créditos no capítulo IV para facer fronte ás obrigas adquiridas con outras entidades coma:

- Mancomunidade do Salnés, no exercicio 2017 incrementábase nun 2,50 %, motivado nos servizos de minipalás-limpadoras, motoniveladora e retroexcavadora que se unen aos gastos non que participa como gastos xerais, promoción turística, servizo de bacheo, etc.
- GDR, Ruta do viño e a Fundación Ruta Xacobeá, Mar de Arousa e Ulla.

Inclúese crédito para dotacións económicas os Grupos Políticos Municipais, que se mantén na



mesma contía que nos exercicios anteriores.

En conclusión esta capítulo incrementábase nun 4,7199 %.

## Capítulo VI:

En canto ás inversións reais dotáronse, como previsións, as correspondentes aplicacións presupostarias do capítulo VI, para poder afronta-la execución das obras e servizos previstos para o presente exercicio, que se detallan no Anexo de Inversións a realizar, tanto as financiadas con fondos propios como con transferencias de capital doutras entidades.

En definitiva, farase fronte as diversas obras que figuran no Anexo de Inversións concordantes coas necesidades de inversión así como coa planificación proposta polo Grupo de Goberno.

Este capítulo experimenta, con respecto ao exercicio 2016, un incremento do 8,1462%.

## Capítulo VII:

Ao obxecto de prever a concesión de subvencións para obras de inversión en benestar comunitario e instalacións deportivas a agrupacións e asociacións, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, o largo do exercicio, consígnanse créditos no capítulo VII, dentro das posibilidades desta entidade, destacando a prevista para a substitución do céspede artificial do campo de fútbol Dena, que será desenvolva a través do correspondente convenio.

En canto ao estado de ingresos

Capítulo I: (Impostos Directos) incrementábase nun 5,51443 % respecto ao previsto no exercicio 2016 en virtude da marcha da recadación por estes conceptos en base ás liquidacións practicadas pola Deputación Provincial; non estando prevista no exercicio 2017 ningún incremento de tipos impositivos.

Capítulo II: (Impostos Indirectos) prevese o mesmo importe que o exercicio 2016.

Capítulo III: (Taxas e outros ingresos) incrementábase nun 5,2847 % respecto ao previsto no exercicio 2016 en virtude da marcha da recadación por estes conceptos e o previsible incremento do prezo público de axuda no fogar ao facer extensible este servizo á lista de agarda.

## Capítulo IV (Transferencias correntes).

Na participación dos tributos do Estado tívose en conta as liquidacións efectuadas por este concepto pola Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais durante o exercicio 2016. Dado que a esta data non hai datos prevese o mesmo importe que no exercicio 2016.

As transferencias correntes da Xunta de Galicia, tívose en conta as achegas correspondente ó Fondo de Cooperación Local, por ter carácter de fondos incondicionados, tomando como referencia os ingresos do 2016, coa previsión de que se manteña na mesma contía e unha liquidación positiva de 9.597,89 €, segundo datos facilitados pola Dirección Xeral de Planificación e orzamentos.

En relación coa concesión de subvencións por parte das diversas Consellerías da Xunta de Galicia, prevese unha media similar á do exercicio 2016:

\* 450.02: transferencias correntes en materia de servizos sociais:



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

- Prestación de servizos sociais polas corporacións locais: Axuda no fogar dependentes valorados que se prevé un incremento de horas asignadas para o ano 2017 pola prestación do servizo a usuarios incluídos na lista de agarda e traballadora social), escola infantil 0-3 anos e axudas á oficina información xuvenil.

- Convenio de colaboración coa Consellería de Política Social para actividades de funcionamento do Centro Social.

\* 450.30: transferencias correntes en materia de educación:

- Convenio asinado o 23 de xullo de 2015 co conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a xestión do servizo de comedor escolar do CEIP de Coirón-Dena para o curso 2016-2017.

\* 450.50: transferencias correntes en materia de emprego e desenvolvemento local:

- Axente de emprego e desenvolvemento local.

\* 450.60: outras transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa

CCAA:

- Achega correspondente ao exercicio 2016 e 2017 concedida pola Consellería de Medio, Territorio e Urbanismo á redacción do PXOM.

\* 450.80: Outras subvencións correntes:

- Xulgado de Paz.

En canto ás transferencias correntes da Deputación:

\* 46100, prevense as axudas para actividades culturais.

\* 46101, prevese a axuda ao financiamento dos servizos sociais comunitarios.

\* 46102, prevense as axudas ao abeiro da Liña 3 (Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) do PLAN CONCELLOS 2017 (22,50% do importe asignado 110.000,00 €)

\* 461.03, prevese unha axuda semellante a de 2016 para emerxencia social.

Capítulo V: (Ingresos patrimoniais), polo que respecta a este capítulo estímase os ingresos previstos polos intereses que xeneren os saldos das contas que o Concello ten abertas en diversas entidades de crédito e a tesourería media anual.

Tamén se prevé o canon de concesión da tasca O Ferreiro.

Capítulo VII: Polo que respecta ás Transferencias de Capital, prevense as achegas de:

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

- Deputación Provincial de Pontevedra a través do:

\* PLAN CONCELLOS 2017 (Liña 1), segundo se relaciona no Plan de Investimentos e financiación.

\* PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2016 (Reinversión de baixas de adjudicación), segundo se relaciona no Plan de Investimentos e financiación.

\* PLAN PROVINCIAL OBRAS E SERVIZOS 2015 (reinversión de baixas de adjudicación), segundo se relaciona no Plan de Investimentos e financiación.

Capítulo IX: (Pasivos Financeiros), polo que respecta a préstamos, non se prevé a concertación de operacións de crédito.

Así mesmo dá conta dos proxectos incluídos no Plan de inversións e programa de financiación



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN PICÓN (XIL) E R/DOS COLEXIOS (DENA)
- REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS EN COIRÓN E ALTAMIRA (DENA)
- TERREOS TRAVESIA IGLESIA-LORES
- MOVILIARIO URBANO
- PROXECTOS TÉCNICOS
- SANEAMENTO DE PLUVIAIS EN COIRON E R/ PONTE DENA
- MELLORA ALUMEADOS BARREIRO, CARBALLOSO, BROULLON OUTROS
- ADQUISICIÓN TERREOS
- MELLORA E REPOSICIÓN PARQUES INFANTÍS
- AREA RECREATIVA OUTEIRO (COVAS)
- TERREOS SENDA FLUVIAL NA MARXE DO RIO DA CHANCA
- MELLORA SENDA FLUVIAL DOS MUIÑOS
- RUTA DE SENDERISMO E MIRADORES
- MOVILIARIO CASAS CULTURA
- PROXECTO DE INTERVENCIÓN CRUCEIRO ARCAS-LORES
- MELLORA ILUMINACION E OUTRAS INSTALACIONES DEPORTIVAS
- REPOSICION LAVADORIOS E FONTES
- TERREOS CAMIÑOS
- REFORMA DE PONTON SOBRE CÑO MUNICIPAL DO RIAL
- REFORMA DE PONTON SOBRE CÑO MUNICIPAL DE GANÓN-VILAXUEGA
- MELLORA E PAVIMENTACIÓN NOS CÑOS MUNICIPAIS DE OUTEIRO, PICÓN E CANLE
- AMPLIACIÓN E PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE PARQUE PARADELA-PISTA DE EIRAS E CORTIÑA-PAZOS.
- MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS BARROCA, GALIÑANS, VEIGIÑA E IGLESIA-AGROS.
- ADQUISICIÓN BARREDORA CARGADORA
- PROXECTOS TÉCNICOS
- EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

e da proposta da Alcaldía, concluíndo que o Orzamento 2017 sofre un incremento global do 6,8% con respecto ao do exercicio 2016 e que se formula en coherencia co proxecto político e o programa electoral do grupo de goberno, que aposta pola prestación, mantemento do nivel de calidade e ampliación dos servizos, cun modelo de xestión e inversión baseado na eficiencia e na sostibilidade.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala, en relación cos ingresos:

1. Por qué prevén que na partida de “Prezo Público Comedor Escolar” se vai recadar 5.000 € menos? De qué forma calcularon a minoración?

Contesta a Sra. alcaldesa, que o cálculo se efectúa tendo en conta o número de usuarios, que neste curso descendeu motivado en que os mércores pola tarde, a diferenza dos cursos anteriores, non hai clase e os nenos que o viñan utilizando por ter que asistir a clase pola tarde o deixaron de utilizar.

2. A qué se refiren con “Ingresos diversos”? Qué conceptos se inclúen nesta partida?

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala que se trata de ingresos non incluídos nos conceptos que se relacionan nese capítulo como indemnizacións por danos en bens municipais, os ingresos de costas derivados da recadación por vía executiva xestionada polo ORAL.

3. En transferencias correntes obsérvase que se van recibir 12.000€ para o comedor escolar e o propio concello recibirá 13.000€ pola prestación do servizo de comedor, o que fan



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

unha cuantía de 25.000€. En cambio o servizo de catering cústanos 20.000€. A qué van destinados os 5.000€ que faltan? A qué se destina a subvención da Consellería?

Contesta a Sra. alcaldesa que a subvención formalizada no Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a que se recolle como transferencia corrente polo importe de 12.000,00€. En canto a diferenza que apunta entre ingresos e gastos non hai tal porque hai que ter en conta o custo das coidadoras, que é superior a esa diferenza.

4. É bastante significativo que a maior inversión das administracións neste Concello sexa producida pola Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Galicia, formada polos seus compañeiros, este ano vai investir case 200.000 € menos en Meaño; en cambio a Deputación de Pontevedra, presidida polo Grupo Socialista vai investir arredor de 295.000 euros; o que supón case 100.000€ máis que o ano pasado.

Todo apunta a que aos seus compañeiros da Xunta non lles importa demasiado Meaño e que, por primeira vez en moitísimos anos, na Deputación se reparte o diñeiro pensando nos veciños, non no color do partido que goberna. Dise por aí que a iso se lle chama decencia.

Contesta a Sra. Alcaldesa que o importe que lle corresponde ao Concello de Meaño do Plan Concellos 2017 xa está confirmado e preveuse no Orzamento mentras que as achegas previstas da Xunta son as relacionadas con proxectos que se están a negociar, non tendo en conta as achegas que se acaden vía convocatoria de subvención que se irán incorporando ao Orzamento.

En canto aos gastos, sinala a Sra. García Fernández:

1. O gasto en seguros divídense en varias partidas, ¿Están todos os seguros contratados na mesma compañía? ¿Revisanse anualmente as primas que se pagan? ¿Existe algunha bonificación por seguros contratados? ¿Quen se encarga da contratación dos seguros?

Contesta a Sra. alcaldesa que casi todos están na mesma compañía e a primeiros de ano convocarase licitación.

2. Qué persoa é a encargada de asesorar en materia de xestión enerxética? Qué proceso se segue para a contratación desa persoa?

Contesta a Sra. alcaldesa que se acude a profesionais, enxeñeiros técnicos industriais e enxeñeiros industriais, para a elaboración dos distintos proxectos de aforro enerxético, non obstante no ano 2016 fíxose un contrato menor cun enxeñeiro industrial, que tivo un custo aproximado de 2.000,00 €.

3. Qué conceptos se inclúen na partida de “Subministros diversos”?

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á secretaria-interventora, que unha vez concretado que se refería á aplicación 171.22199, sinala que se trata a subministros como abonos, herbicidas para parques e xardíns.

4. Cantos empregados e usuarios se prevén na “Axuda no fogar” para calcular un custo de 43.000€ de gasto? En qué porcentaxe se vai aumentando?

Contesta a Sra. alcaldesa que o servizo de axuda no fogar prestarase como os anos anteriores na modalidade de básica e dependencia, ampliándose a prestación do SAF de dependencia aos sábados e domingos no 2016 e no 2017 prevese cubrir á lista de agarda.

5. A qué se refiren ou qué conceptos engloban na partida de “Actividades diversas da Escola de Música” e “da Escola Infantil”? Son as mesmas actividades para as dúas instalacións? Contesta a Sra. alcaldesa que non son as mesmas actividades, as actividades da Escola de Música refírense aos campamentos musicais, saídas a audicións, master clas, etc. As da Escola Infantil a saídas e excursións.

6. Concretamente, qué órgano de goberno necesita que se lle compensen os gastos incurridos en locomoción? Á alcaldía non lle son suficientes os 43.000€ de soldo anual, ao



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

tenente alcalde hai que compensarlle quitarlle o soldo a favor da asesora ou sólo se lle pagan os gastos de locomoción aos concelleiros que forman parte do grupo de goberno?

Contesta a Sra. alcaldesa que os órganos de goberno que se desplacen en vehículo particular para realizar servizos municipais, concretamente a Alcaldía que neste exercicio empezará a pasar kilometraxe.

7. Aparece unha nova partida nomeada como “Subministros diversos Casa Consistorial? A qué “subministros” se refiren? Van aparecer este exercicio de súpeto ou antes de englobaban en outra partida?

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á secretaria-interventora quen sinala que se refire a subministros como as bandeiras, recarga de extintores ou similares, que parece máis axeitado que figuren en subministros que mantemento.

8. Concretamente, qué servizos ou xestións se remuneran na partida de “Dietas”? Outro sobressoldo encuberto?

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á secretaria-interventora quen sinala que ao longo do exercicio 2017 se preven diversos procesos selectivos e haberá que acudir a persoas doutras administracións para a constitución dos tribunais, ás que haberá que aboarlle dietas. Así mesmo tamén se contemplan as dietas de desprazamento en vehículo particular por razóns de servizo ou asistencia a cursos do persoal ao servizo do Concello de Meaño.

9. Destínanse 2.000€ máis á Festa dos Muiños, cun total de 15.000€. Estanse cobrando 25€/persoa por acudir, pero non se atopa a contrapartida nos capítulos de ingresos. Non se ten contemplado cobrar?

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á secretaria-interventora quen sinala que esta achega está prevista na clasificación “341.03 prezo público actividades”.

10. Qué partida está destinada a arranxar o problema dos vertidos que se producen en Abuín?

Contesta a Sra. alcaldesa que a de mantemento de saneamento.

11. Na partida destinada a Emerxencia Social vaise contemplar seguir traballando en programas educativos como aquí temos solicitado a través de mocións? Vanse aumentar os Paquetes básicos de alimentos, como vimos pedindo dende decembro do ano pasado?

Contesta a Sra. alcaldesa que se seguirá nunha liña similar, téñense aumentado os paquetes de alimentos e prevese unha nova liña para arranxo de vivendas.

Conclúe neste apartado sinalando que lles parece insuficiente e irrisorio a cuantía que se vai destinar para as “Axudas en material escolar de primaria e secundaria”. “Son patéticas. Xa temos dito infinidade de veces que as Bases para concurrir a estas axudas son moi restrictivas e que parecen que están feitas para poñerlle trabas aos veciños, tales como: A Potencia fiscal do vehículo ou a tasación das construcións (que non vivenda, senon construcións).

Este ano vólvense esquecer dos universitarios. Son o futuro, e levamos tempo solicitándo, pero non se nos quere escoitar”.

En canto ás inversións reais pregunta:

1. Exactamente dónde se van facer as beirarrúas?

Contesta a Sra. alcaldesa que en Picón (Xil) e na R/ dos Colexios.

2. A qué se refire con “Mobiliario urbano”? Qué tipo de mobiliario e dónde se van colocar?

Contesta a Sra. alcaldesa que se preve crédito para as reposicións que poidan ir xurdindo en papeleiras, bancos, etc.

3. Cantos “Proxectos técnicos” se van realizar e cáles?

Contesta a Sra. alcaldesa os referidos ás obras que estean suxeitos a proxecto e que se relacionan no plan de investimentos.





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

4. Concretamente, qué terreos son os que van adquirir?

Contesta a Sra. alcaldesa que se contempla a adquisición dun terreo en Dena e outros que poidan xurdir.

5. A qué se refire con “Terreos Senda Fluvial no Río da Chanca”? Cáles son os terreos que se van comprar?

Contesta a Sra. alcaldesa que os que afectan a senda fluvial do río da Chanca.

6. En qué consiste a “Reposición de mobiliario”? Exemplos, por favor .

7. A qué Ruta de Senderismo se refiren e a qué miradoiros en concreto?? Enuméreos.

Contesta a Sra. alcaldesa que se prevé unha ruta de senderismo pasando polos miradoiros.

8. Qué se vai facer na partida de “ Melloras de iluminación e outras instalacións deportivas? Qué “outras” instalacións deportivas? E qué melloras?

Contesta a Sra. alcaldesa que, a substitución da actual iluminación dos pavillóns e pistas deportivas por iluminación led.

9. Espero que na partida de “Lavadoiros e fontes” por fin se repoña a pedra da fonte de Galñans, tal e como levan demandando os veciños de Lores dende fai anos.

10. Podería ampliar a información sobre a partida de “terreos camiños”? Qué abrangue este concepto?

Contesta a Sra. alcaldesa que abrangue ás necesidades que poidan xurdir de terreos que sexa preciso adquirir con motivo de execución de camiños

11. Lamentamos profundamente que a ponte de Ganón non se atope entre os pontóns que se van reformar. Deben estar esperando a que se produza unha desgracia.

Contesta a Sra. alcaldesa que é o proxecto nº dezasete do plan de inversións.

12. A qué se refire no Capítulo VII a partida destinada a “Instalacións Deportivas” por importe de 45.000€?

Contesta a Sra. alcaldesa que neste ano o grupo de goberno empezará a traballar para poder cambiar o céspede do campo de fútbol de Dena.

13. Alégranos tremendamente que se incorporen tres peticións socialistas nas inversións reais:

1. A mellora e reposición dos parques infantís. Espero que tamén copien a idea dos parques biosaudables.

2. A mellora da Área Recreativa do Outeiro en Cobas, por certo, que para negarse a darnos a razón no seu momento, dixeron que non era prioritaria.

3. Camiño da Barroca, que este mesmo ano nos dixeron por activa e por pasiva que non era unha obra prioritaria.

No referente á memoria explicativa, sinala que lle gustaría que se lles aclarase:

1. En qué vai consistir a nova fase de tramitación do PXOM? Vaise modificar o vixente PXOM?

Contesta a Sra. alcaldesa que, en relación co contrato de revisión e adaptación do PXOM neste ano correspondería a entrega de documentación para aprobación provisional, xa que ao non aceptar e non aboar, a vista dos informes técnicos de que se dispoñía, a documentación entregada polo equipo redactor correspondente a esta fase e así o avalou o xulgado do contencioso, fóronse trasladando as fases de execución para os anos sucesivos, non obstante neste ano a vista da nova normativa urbanística haberá que tomar unha decisión. Non obstante tamén se prevé algunha modificación puntual que non estaría contemplada neste contrato e que se considera que hai que realizar.

2. En canto á concesión directa e nominativa que se lle van dar Á Banda, ao Unión Dena e ao Asmubal, creemos que deben ser proporcionais aos usuarios ou poboación



beneficiaria do concello. É necesario que se lle incremente esta axuda ao Unión Dena e ao Asmubal.

3. Vaiselle pagar 4.500€ máis respecto ao presuposto 2016 á Mancomunidade do Salnés. Dícese que este incremento conleva “Promoción turística” e non podemos deixar de acordarnos da moción que presentamos en outubro do 2015, donde solicitábase un Plan de Turismo Activo, e que vostedes, supostamente, trasladaron á Mancomunidade para que elaborasen.

Xa saben algo deste Plan Turístico? Por ese motivo se reduce a partida de Promoción Turística dende o Concello?

4. Alégranos que se cree un posto de Administrativo/administrativa, por fin van poder actualizar e levar ao día a páxina web do concello, os informes que solicitamos van chegar a tempo, van poder delegar funcións para que a petición de información chegue no seu debido tempo.....vamos, o que levamos esperando anos!

5. Podería decirnos a porcentaxe que recibe de usuarios e os programas que levan a cabo na Oficina de Información Xuvenil?

Conclúe sinalando que “A nosa oposición sempre se caracterizou pola vontade de diálogo, críticas constructivas e ganas de axudar aos veciños.

En ningunha ocasión nos negamos a colaborar co Grupo de Goberno, as nosas xestas e propostas sempre foron respetuosas e transmitidas con educación, deixando a un lado as cuestións persoais das cuestións políticas.

Dixémosllo máis de unha vez, queremos que se nos trate con respecto e que se nos teña en conta como representantes dos veciños que somos. Recorden que os veciños que nos votaron a nos son tan importantes como os que os votaron a vostedes e que teñen que gobernar para todos e cada un dos veciños de Meaño; non só para os seus votantes.

Por eso, unha vez máis, volvemos lamentarnos da súa falta de diálogo, do pouco interese que ten por consensuar propostas e do pouco talante político que ten coa oposición. Estes presupostos volven ser un copia e pega dos anteriores, uns presupostos feitos para cadrar gastos e ingresos e que ao longo do ano vanse ir modificando como lle pete.

Para vostedes é un mero proceso, non unha oportunidade para crear un proxecto. Por eso nos presentan o presuposto con 3 días de antelación (por certo, recórdolle que a vostedes parecíanlle pouco tempo 1 semana para leer unha moción de 2 páxinas).

Creem de verdade que nos demáis Concellos se aproban uns presupostos en 3 días? Un Concello gobernado por persoas serias falaría coa oposición, presentaríalle as propostas, aceptaría enmendadas e trataría que os Presupostos fosen aprobados por todos os grupos políticos.

Non estamos de acordo coa súas formas de proceder, coas súas mañas nin co reparto das partidas.

Faltan máis inversións en servizos sociais, promoción turística, plans de emprego, obras que non só sexan financiadas polo Plan Concellos, máis inversión en cultura, en educación e, simplemente, escoitar as demandas dos veciños.

Deixen atrás os aires de grandeza e empecen a dialogar coa oposición e cos veciños. Votaremos en contra.”

Contesta a Sra. alcaldesa que esta sesión se convocou con máis dos dous días hábiles que marca a Lei pero en calquera caso lle gustaría habelos presentados con máis antelación pero non foi posible rematalos antes e en liña co que establece a Lei que esixe a aprobación antes do 31 de decembro, cos días que quedan para rematar o ano e co que este Concello veu practicando é polo que se convocou a sesión para este día; rematando a Sra. alcaldesa sinalando que o Orzamento está elaborado para tódolos os veciños de Meaño, cun plan de investimentos que responde as necesidades dos veciños e ao programa electoral do grupo de goberno a vez que



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

abrange os diversos ámbitos da vida social dos veciños, coma a prestación e mantemento dos servizos, a cultura, educación, servizos sociais, que teñen como finalidade a mellora da calidade de vida. Pregúntalle a Sra. alcaldesa á Sra. García Fernández si a institución que de cotío pon de exemplo lle presentou como moita antelación e negociou cos restantes grupos que non conforman o grupo de goberno, o seu Orzamento.

Replica a Sra. García Fernández que hai que dialogar porque si os tiveran en conta tal vez non votarían en contra.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que non considera axeitada a forma de proceder por parte da Alcaldía porque sería moi fácil poñerse en contacto coa oposición e invítala a participar na elaboración do Orzamento e tal vez acadarían o seu apoio porque se prevén investimentos que o seu grupo comparte; preguntando a qué ven a presa de convocar neste día esta sesión extraordinaria para someter a aprobación o Orzamento 2017, xa que a tramitación se extenderá ao 2017.

Segue a súa intervención, plantexando e formulando as seguintes cuestións e observacións:

- Prevese un incremento de 1,00 € do custo das horas efectivas de traballo no tramo de "A partir de 18" que afecta ao custo das retribucións dos profesores da Escola de Música e monitores e no informe económico financeiro da secretaria-interventora sinálase que supón un agravio comparativo fronte ao salario que perciben outros empregados de similar categoría. Engade que, tamén se sinala neste mesmo informe, que dadas as características de poboación e o importe do orzamento deste concello é necesaria e preceptiva a reclasificación do posto de secretaría-intervención, en Secretaría e Intervención ¿por qué non se ten feito?, e en relación ao cadro do persoal técnico sinálase que se debería plantexar a optimización dos recursos persoais xa que se está a acudir en exceso á profesionais externos ¿ten pensado actuar sobre esta situación?

- Séguese coa mesma política de temporalidade do persoal laboral.

Contesta a Sra. alcaldesa que en canto a reclasificación do posto de secretaria-intervención se estudiará e en canto á temporalidade do persoal laboral remítese ao apartado do informe económico financeiro da secretaria-interventora no que se estudia esta cuestión especialmente ás conclusións, puntualizando que non é nin unha situación nin unha cuestión fácil polas restricións legais existentes para as creación de postos de traballo fixos.

- No cadro de persoal propónse a creación dunha praza de técnico medio de xestión administrativa adscribindoa ao sector asesoramento xurídico e xestión de recursos, a qué se refire?

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala que a taxa de reposición de efectivos está limitada e vinculada a sectores concretos, dado que se considera preciso un técnico de xestión administrativa nas labores que actualmente desenvolve secretaria-intervención para colaborar na xestión de expedientes como os de contratación e xestión de subvencións adscribíbase ao sector de asesoramento xurídico e xestión de recursos que é un sector que contempla a Lei Xeral de Orzamentos do Estado para reposición de efectivos.

- Moitas aplicacións son un corta e pega do exercicio 2016 que non foron executadas, como aos terreos para a rúa de Iglesia en Lores, outras resultan de axustes polo que ao longo do exercicio 2017 faranse modificacións de crédito como solución ao que non se preveu.

Contesta a Sra. alcaldesa que efectivamente este investimento se repite porque se trata dun proxecto complexo suxeito a diversas autorización e actualmente está pendente dun informe de accesibilidade que ten que emitir a Xunta de Galicia e que foi solicitado no verán. En canto ás modificacións de crédito, o orzamento non é un documento cerrado e pode ser obxecto de modificacións para adaptalo aos cambios ou necesidades que xurdan ao longo do ano e así o



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

prevé a Lei.

- Prevense tres aplicacións relacionadas co Plan Xeral.
- En relación coa festa dos muíños, a correlación entre a previsión de gastos e ingresos non é a apropiada, debería replantexarse o contido desta festa.
- Incrementábase considerablemente ás aplicacións correspondentes ás retribucións de operario municipal.

Contesta a Sra. alcaldesa que nestas aplicacións se prevén as retribucións do titular da praza e do persoal interino que a cubra mentras o titular se atope de baixa.

- No plan de investimentos recóllese:

\* A reposición de beirarrúas en Altamira, ¿contémplase para os dous lados?

Contesta a Sra. alcaldesa que un lado.

\* A construción de beirarrúas en Picón, ¿contémplase retirar os postes?

Contesta a Sra. alcaldesa que as liñas iran soterradas.

\* 120.000,00 € para adquisición de terreos, ¿a qué terreos se refire?

Contesta a Sra. alcaldesa que parte deles en Dena.

\* Terreos senda fluvial, ¿están relacionados co convenio asinado co Concello de Sanxenxo?

Contesta a Sra. alcaldesa que si, xa que neste convenio se contempla a execución da senda fluvial na marxe do río da Chanca.

\* A previsión destinada para reposición de lavatorios e fontes é concreta para esta finalidade.

Contesta a Sra. alcaldesa que si xa que se dispón dunha valoración previa que cuantifica as reposicións que se pretenden levar a cabo neste importe.

\* Lamenta que moitos servizos sociais se estean prestando polo Concello coma unha empresa privada e que estean financiados polos usuarios, considera que se debería aforrar noutros gastos e facer un maior esforzo achegando máis a estes servizos por parte do Concello.

\* As convocatorias das axudas destinadas a material escolar non deberían estar vinculadas pola potencia fiscal do vehículo da unidade familiar nin polo valor catastral da vivenda.

\* Cóntase cos proxectos dos camiños previstos?

Contesta a Sra. alcaldesa que de momento se conta con valoracións para poder cuantificar estes proxectos, os proxectos elaboraranse para formalizar a solicitude do Plan.

- Diminúe a aplicación destinada ao mantemento da rede inalámbrica Wifi cando o obxectivo da Unión Europea é que todos os espazos públicos ofrezan unha conexión gratuíta wifi.

Contesta a Sra. alcaldesa que xa veu ofrecendo este servizo pero actualmente case non conta con usuarios e haberá que ver como se desenvolve esa proposta lanzada pola UE.

- Dietas para gastos de locomoción da Alcaldía lle parece unha metedura de pata porque xa chega o soldo establecido.

- Incide en que non é forma de convocar esta sesión, nin de tratar aos grupos municipais, nin un asunto coma é a aprobación do Orzamento. Engade polo grupo de goberno se empezan a recoller proxectos recollidos no programa electoral MI, polo que seguirán solicitando novos proxectos e conclúe que o seu grupo votará en contra polas formas e por falta de tempo para estudalo.

Rematadas as intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, acádase un resultado de empate, con seis votos en contra, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE e seis votos a favor, dos membros do Grupo municipal do PP. Efectuada unha nova votación persiste o mesmo resultado de empate, decidindo a Sra. alcaldesa-



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

presidenta, co seu voto de calidade a favor da proposta, polo que o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio económico 2017 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.498.918,20	1	Impostos directos	995.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.290.875,57	2	Impostos indirectos	20.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	603.668,00
4	Transferencias correntes	131.120,00	4	Transferencias correntes	1.570.375,57
6	Investimentos reais	782.804,43	5	Ingresos patrimoniais	6.000,00
7	Transferencias de capital	62.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	507.673,63
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.765.718,20</b>		<b>TOTAL</b>	<b>3.765.718,20</b>

2º Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2017, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Amortización da praza de alguacil.
- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extingúndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral; ao abeiro do artigo 14.c) e 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en concordancia co artigo 20.4, parágrafo último da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.
- Amortización da praza de técnico medio de xestión administrativa que figuraba no Cadro de Persoal dos exercicios anteriores, ao terse superado o prazo máximo de desenvolvemento da correspondente Oferta de Emprego Público derivado da mesma; segundo sinala no artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Creación dunha praza de técnico medio de xestión administrativa, con cargo a taxa de reposición de efectivos resultante da amortización da praza de alguacil-porteiro; adscribindoa ao sector de asesoramento xurídico e xestión de recursos, secretaría-intervención; ao abeiro do artigo 20.1 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.

Quedando integrada por:

- Dez prazas de funcionarios de carreira



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

- Unha praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir.
- Dezanove postos de traballo de persoal laboral fixo.
- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2016 e complemento específico así como as retribucións do persoal laboral que figuran nos Cadros de retribucións, nas Bases de aplicación das retribucións do persoal que presta servizos para o Concello de Meaño, que dado que a esta data non se conta con Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2017, contéplanse as contías retributivas do exercicio 2016 polos diferentes conceptos, sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017; para o que se preveu nas correspondentes aplicacións orzamentarias un incremento do 1% que queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, segundo determina o artigo artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, de 25 de abril e nas Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2017, coas características xerais, segundo se relacionan no seguinte:

## CADRO DE PERSOAL

### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
ADMINISTRATIVO	1	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
AUXILIAR	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
POLICIA LOCAL	4	C/C1	16	Administ. Especial	Servicios Especiais
OPERARIO	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

**Auxiliar:** Grupo C, Subgrupo C2, un posto de Auxiliar queda na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa cuberta o posto de Administrativo por promoción interna.

**POLICÍA LOCAL** (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións
POLICÍA	1	C/C1 (A extinguir)	16	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	C/C1	16	Básica	Policía	
POLICÍA	1	C/C1	16	Básica	Policía	
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1	16	Básica	Oficial	



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Policia Local\*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

No intre da acreditación da titulación académica requirida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1.

Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

## B) PERSOAL LABORAL

### FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
ASISTENTE SOCIAL	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
EDUCADOR/A FAMILIAR	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
INFORMADOR/A XUVENIL	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTA TECNICA	1(OCUPADA)	XORNADA PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3(OCUPADAS)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICO ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado obras e servizos)	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	4(OCUPADAS)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
LIMPADORA (Encargada)	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1(OCUPADA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTO/A	1(OCUPADA)	XORNADA PARCIAL

### TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
MESTRE/A ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
TECNICO/A / AUXILIAR ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A AXUDA DOMICILIO	8	XORNADA PARCIAL
TRANSPORTE ASISTENCIA-COIDADORA	1	XORNADA COMPLETA
AUXILIAR CLÍNICA PLAN CONCILIA	1	XORNADA COMPLETO/PARCIAL
AXUDANTE DE COORDINACIÓN DE AXUDA NO FOGAR	1	XORNADA PARCIAL
CONSERXE CENTRO SOCIAL	1	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO ANIMADOR SOCIOCULTURAL	1	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA PARCIAL
AUXILAR DE POLÍCIA	1	XORNADA COMPLETA

4º Aprobar, ó abeiro do artigo 104 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte relación de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual:

Número	Denominación do posto	Vinculación	Xornada	Retribución exercicio 2016
1	Asesor/a da Alcaldía	Eventual	19 horas semanais	11.200.00 €



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

A percepción desta retribución é compatible co desenvolvemento de outros traballos, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Pexsoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu regulamento de desenvolvemento.

5º Aproba-los Cadros de Retribucións do pexsoal funcionario, do pexsoal laboral e do eventual, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións, coa peculiaridade de que, sen prexuízo do sinalado no artigo 19. Catro da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016 e ao abeiro do sinalado no punto sete deste artigo, efectúanse adecuacións retributivas ao seguinte postos en virtude do seu contido e funcións:

## PERSOAL LABORAL

Nº DE ORDE/ CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ADECUACIÓN SINGULARES DERIVADAS DE ASIGNACIÓN DE FUNCIÓNS	CATÁLOGO	IMPORTE INCREMENTO ANUAL
15	OPERARIO	_ Encargada de parques e xardíns	Esixencia de maior reponsabilidade e dedicación derivada destas funcións.	2.780,62 €

6º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargo a desempeñar con dedicación:

- Con carácter exclusivo, da Alcaldía-Presidencia ás tarefas municipais do Concello de Meaño.

7º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e Disposición adiconal nonagésima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado 2014, retribucións das cargos con dedicación:

- Sra. alcaldesa que serán de 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.

8º Aprobar para o exercicio económico 2017, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	4	320,00	1.280,00	1.600,00
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>960,00</b>	<b>4.160,00</b>	<b>5.120,00</b>

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de pexsoal de





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

9º Establécense, ao abeiro dos artigos 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	8.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	8.000,00 €
341.480.02	Asoc. Cult.deport.ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.000,00 €

O convenio, cuxo modelo figura nas Bases de Execución do Orzamento, será o instrumento para canalizar estas subvencións.

10º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2017, no que se conclúe que o Presuposto Municipal do exercicio 2017 cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao non contar con débeda.

11º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e cuarenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

Vº e Prace  
A alcaldesa

Asdo, M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela

